


FUNDACIÓN USC |

BASES DE PARTICIPACIÓN



PRESENTACIÓN

O programa Verán CampUSC 2024, organizado pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela, é unha actividade que ten lugar no período non lectivo do verán (agás o mes de agosto) co fin de conciliar a vida laboral e familiar tanto da comunidade universitaria da USC coma do público xeral.

Neste programa, no que colaboran a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela, os rapaces e rapazas participantes coñecerán unha importante base de actividades deportivas tradicionais e alternativas, ademais de realizar diferentes obradoiros e actividades e saídas culturais.

Todas as actividades están especialmente dirixidas ás idades e desenvolvemento psíquico-físico das persoas participantes e todas elas desenvolven tamén, de xeito transversal, valores de disciplina, esforzo, perspectiva de xénero, integración, hixiene e respecto ás normas.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

O programa está dirixido aos nenos e nenas nados/as entre os anos **2011 e 2020** (ambos incluídos), fillos/as de:

- Persoal da USC
- Estudantado da USC
- Público en xeral
- Persoal da Fundación USC

No formulario de inscrición deberá indicar se o rapaz ou rapaza ten calquera tipo de enfermidade e/ou discapacidade. Estes datos só se tratarán co fin de facilitar os apoios e as adaptacións necesarias para o mellor desenvolvemento das actividades e para unha posible reunión previa.

O programa non dispón de persoal sanitario, polo que non se responsabiliza da administración de calquera tipo de medicación.

3. HORARIO E LUGAR DO PROGRAMA

O programa terá lugar de luns a venres (agás festivos) de **8:45 a 14:45 horas**, polo que a responsabilidade do control e coidado das persoas participantes polos monitores e monitoras responsables comprenderá esa franxa horaria.

O Verán CampUSC 2024 está dividido nas seguintes quendas:

1ª quenda	Do 24 ao 28 de xuño de 2024
2ª quenda	Do 1 ao 12 de xullo de 2024
3ª quenda	Do 15 ao 19 de xullo de 2024
4ª quenda	Do 22 ao 31 de xullo de 2024
5ª quenda	Do 2 ao 10 de setembro de 2024 ¹

O programa Verán CampUSC 2024 desenvolverase no campus Sur de Santiago de Compostela nas instalacións deportivas da USC e noutras acordadas segundo as actividades planificadas.

Os **lugares de chegada e saída** das persoas participantes serán o **Pavillón Polideportivo Universitario**, sito na rúa Joaquín Díaz de Rábago s/n ou o **Estadio de Atletismo**, na avenida de Novoa Santos s/n, dependendo do grupo que lle corresponda ao neno ou nena inscrito/a e que se lle indicará antes do inicio.

Se por algún motivo houberse que utilizar outra instalación para a chegada e saída, sería comunicada previamente. Esta sempre sería na contorna do Campus Sur.

¹ A data definitiva de remate desta quenda adaptarase unha vez sexa aprobado o calendario do curso escolar 2024/2025 en Educación Infantil e Primaria.

4. NÚMERO DE PRAZAS

As prazas ofertadas serán 100 por quenda. Estas prazas estarán reservadas da seguinte maneira:

Fillos/as da comunidade universitaria (persoal e estudiantado da USC) e de persoal da Fundación USC	70 prazas
Público xeral (familias sen vinculación coa comunidade universitaria)	30 prazas

A Fundación USC garante unha adecuada organización do programa en condicións óptimas para o número de prazas.

5. CANCELACIÓN DO VERÁN CampUSC 2024

O Verán CampUSC 2024 desenvolverase se houbera unha demanda suficiente de participantes que poida garantir a estabilidade económica da actividade e o éxito en termos deportivo-educativos e de lecer.

O programa poderase suspender no caso de non haber demanda suficiente e procederíase á devolución das cotas pagadas ou á parte proporcional en caso de que a actividade xa tivese iniciado.

6. INSCRICIÓN E PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

Dende o 12 de abril ao 1 de maio de 2024 estará aberto o **período de inscrición** para todo tipo de solicitantes. A inscrición farase cubrindo o cuestionario establecido a tal efecto na páxina web da Fundación www.fundacionusc.gal. En caso de haber máis solicitudes por quenda que prazas dispoñibles, utilizarase o seguinte **criterio de selección**:

ORDE DO CRITERIO	CRITERIO DE SELECCIÓN
1º	Nenos e nenas inscritos no programa completo (5 quendas).
2º	Familias solicitantes con maior número de días totais nos que se inscribe.
3º	Familias con maior número de fillos e fillas inscritos e inscritas.
4º	Cando haxa máis solicitudes que prazas estando inscritas no mesmo número de días/fillos, terán preferencia as familias numerosas e as monoparentais ² .
5º	Número total de quendas nas que participou a familia nas edicións do Verán CampUSC de 2022 e 2023.
6º	No caso de haber un grupo de solicitudes en igualdade de condicións para os que as prazas libres dispoñibles non sexan suficientes, ditas prazas serán adxudicadas por sorteo.

Para cubrir o formulario de inscrición deberá achegar os seguintes **documentos** escaneados (pdf ou jpg) e subilos no propio formulario:

- Libro de familia (páxina onde figura o nome do proxenitor/a que fai a inscrición e páxina onde figura a data de nacemento do neno ou nena inscrito/a)
- Título de familia numerosa (se corresponde)

² A estes efectos, non se considerarán familias monoparentais as persoas divorciadas ou separadas que perciban unha compensación económica do outro proxenitor ou proxenitora.

- Documento xustificativo de ser familia monoparental (se corresponde)

O **8 de maio**, como data límite, publicaranse na web da Fundación as **listas provisionais de persoas admitidas en cada quenda**. A Comisión de Seguimento poderá solicitar documentación acreditativa para elaborar estas listas.

Do **8 ao 12 de maio** terá lugar un período de reclamacións e corrección de erros nas listaxes publicadas. As reclamacións faranse no correo verancampusc@fundacionusc.gal.

O **14 de maio** publicaranse na web da Fundación USC as **listas definitivas de persoas admitidas en cada quenda**.

A Comisión de Seguimento do programa resolverá aquelas cuestións que na organización e distribución de prazas puideran xurdir sobre a interpretación das bases máis calquera outra cuestión que pola súa índole precise dalgunha resolución. Esta comisión está composta por tres persoas designadas pola xerencia da Fundación USC.

Durante o proceso de inscrición a Fundación USC poderá solicitar aos pais/nais/titores que indican que son persoal da USC, que acrediten dita vinculación de forma documental.

A Fundación USC resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos nenos e nenas que se comporten de forma incorrecta ou que os seus pais, nais ou titores non respecten as bases e as normas básicas de convivencia e colaboración. Antes de tomar unha decisión, daráselle sempre audiencia aos pais, nais ou titores dos menores.

Os nenos e nenas que acudan ao Verán CampUSC deberán ter adquiridos os hábitos de educación e coñecemento adecuados a súa idade (respecto aos monitores e monitoras, coidado do material, hábitos hixiénicos, etc.). De non ser así, o esforzo dos monitores e monitoras estará encamiñado a informar aos pais, nais ou titores deste feito para realizaren a adecuada labor educativa conxunta.

7. PAGAMENTO

Os admitidos e admitidas no período de inscrición deberán formalizar a súa praza efectuando o pagamento dende o momento da publicación das listas definitivas **ata o 28 de maio**. No caso de que o número de inscricións de comunidade universitaria nalgunha quenda fose inferior ao número de prazas reservadas, e o mesmo no caso do público xeral, quedará aberto tamén neste momento o prazo de inscrición para quen non teña feita inscrición previa, ata cubrir as prazas vacantes.

O **29 de maio** comunicarase a través da web en que quendas quedan prazas dispoñibles. A partir dese momento as prazas, abertas a todos os públicos, iranse cubrindo por rigorosa orde de inscrición.

As persoas inicialmente admitidas que non formalicen a praza antes do 28 de maio, perderán a súa reserva de praza e só poderán inscribirse posteriormente no caso de que aínda houbera prazas libres.

As listaxes de persoas admitidas están elaboradas tendo en conta a información proporcionada no formulario de inscrición. No caso de que finalmente desexe inscribirse en menos quendas (ou a menos fillos/as) das que figuraban inicialmente, debe consultar previamente coa Fundación xa que podería modificarse a súa situación nas listaxes e pasar á lista de agarda.

Como facer o pagamento

O pagamento poderá facerse de dúas formas:

PAGAMENTO EN LIÑA

Pódese pagar con tarxeta de crédito a través da pasarela en liña da nosa páxina web. Neste caso non é necesario achegar ningún xustificante.

TRANSFERENCIA BANCARIA

Pode optar por facer unha transferencia ou ingreso nalgún dos seguintes números de conta:

Caixa Rural Galega Abanca	ES82 3070 0035 2660 6938 4920
	ES07 2080 0388 2730 4000 0932

Neste caso deberá enviar o xustificante da transferencia por correo electrónico a verancampusc@fundacionusc.gal. Facer a transferencia sen enviar o xustificante considerarase non ter feito o pagamento a efectos da reserva de praza.

Unha vez que na Fundación USC recibamos o formulario de inscrición e comprobemos que o importe abonado é o correcto, recibirá un correo electrónico de confirmación da súa inscrición.

No caso de facer a inscrición cando xa non queden prazas, procederase á devolución do importe abonado.

IMPORTANTE (para pagamento en liña ou transferencia bancaria): No concepto do ingreso bancario deberá aparecer o nome e apelidos do rapaz ou rapaza, así como as quendas nas que se inscribe (no pagamento en liña faise no apartado de "Beneficiario", utilizando os seguintes códigos:

Q1	Do 24 ao 28 de xuño de 2024
Q2	Do 1 ao 12 de xullo de 2024
Q3	Do 15 ao 19 de xullo de 2024
Q4	Do 22 ao 31 de xullo de 2024
Q5	Do 2 ao 10 de setembro de 2024

Por exemplo: LARA PÉREZ PÉREZ Q1 – Q2

8. CUSTO DO PROGRAMA

Os prezos especiais por varias quendas ou varios irmáns só se aplicarán cando se fagan nunha única inscrición. No caso de inscribirse a unha quenda e posteriormente a outra, non se aboará a diferenza, senón o prezo completo de ambas quendas. Aplicarase o mesmo no caso de inscribir a varios irmáns.

No caso de que a súa combinación de quendas non apareza na táboa “prezo de varias quendas”, debe sumar o prezo de cada quenda.

PREZO UNHA QUENDA	1 neno/a	2 nenos/as	3 nenos/as
24-28 xuño	77	142	203
1-12 de xullo	154	283	407
15-19 xullo	77	142	203
22-31 xullo	108	198	285
2-10 setembro ³	108	198	285

³ O prezo da quenda de setembro axustarase en función dos días de duración. Farase público o definitivo unha vez se coñeza a data de comezo do curso escolar 2024/2025. De ser menor que o que figura, e no caso en que xa se tiveran feito pagos, reembolsarase a diferenza.

PREZO VARIAS QUENDAS					1 neno/a	2 nenos/as	3 nenos/as
1ª	2ª	3ª	4ª	5ª			
	X		X		243	448	643
	X			X	243	448	643
X	X	X			286	527	756
X	X		X		315	580	832
X	X			X	315	580	832
X		X	X		243	448	643
X		X		X	243	448	643
X			X	X	272	501	718
	X	X	X		315	580	832
	X	X		X	315	580	832
	X		X	X	336	619	888
		X	X	X	272	501	718
X	X	X	X		378	696	999
X	X	X		X	378	696	999
X	X		X	X	406	748	1.073
X		X	X	X	336	619	888
	X	X	X	X	406	748	1.073
PROGRAMA COMPLETO					450	829	1.189

9. RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DOS INGRESOS

As cantidades pagadas só serán devoltas cando non se poida utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado ou interesada. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucións das cantidades pagadas.

10. ACTIVIDADES

A programación do Verán CampUSC 2024 contempla un amplo abano de actividades deportivas e de ocio e tempo libre planificadas atendendo a criterios psicopedagóxicos e de perspectiva de xénero.

É importante destacar que todas as sesións do Verán CampUSC teñen como obxectivo ofertar unha ampla variedade deportiva baseada no respecto e na igualdade entre nenos e nenas para que, nun futuro, lles permita practicar deporte de forma autónoma, duradeira e pracenteira.

O núcleo máis importante de actividades terá unha importante base deportiva, dende as habituais probas do atletismo ata os deportes de equipo (clásicos, como o baloncesto ou voleibol, ou máis alternativos e emerxentes, como o *ultimate*, *colpbol* ou *quidditch*), pasandado polos xogos tradicionais.

Outra liña de actividades vai dirixida a que os rapaces e rapazas descubran novas habilidades persoais ou obradoiros artísticos e potencien as súas aptitudes e capacidades e haberá tamén actividades orientadas a gozar da natureza, como rutas de sendeirismo, carreiras de orientación ou descubertas no entorno natural do propio campus e arredores.

Procúrase ir unha vez por quenda á piscina Fontes do Sar para gozar e xogar coa auga, sempre que a climatoloxía o permita nos días programados.

Todas estas actividades e dinámicas estarán adaptadas ás idades dos rapaces e rapazas en función do seu desenvolvemento evolutivo, buscando a socialización e destacando como un espazo lúdico e de aprendizaxe, sempre coa seguridade como premisa básica na súa organización.

Os horarios e a programación das actividades de cada quenda faranse en función das idades dos nenos e nenas polo que non todos os rapaces e rapazas farán as mesmas actividades.

A programación detallada publicarase na web da Fundación antes do comezo de cada quenda.